

Variacións sobre un texto de Benjamin

Alberto Lema

Nos primeiros vinte, Walter Benjamin escribe *O capitalismo como relixión*. A idea do texto exposta no título parte dunha asociación tan pouco orixinal que mesmo poderíamos citar entre os seus precedentes o episodio bíblico do becerro de ouro, aínda así e, como adoito, nada resulta repetido nas mans do filósofo ou escritor xudeu alemán.

O texto arranca coa definición do capitalismo como unha relixión de culto, non dogmática. Efectivamente, e apesar do privilexio que lle concedera Weber á súa relación co protestantismo, o Capital combina con todo. Hai un capitalismo islámico, outro chinés ex comunista, un capitalismo verde sintetizado na esperanzada fórmula do desenvolvemento sostible, un feminismo capitalista esencial e non histórico

e, por suposto, un cento de nacionalismos alicerzados solidamente no dólar e no euro. Non hai dogmas pero si unha chea de ídolos por adorar que mesmo poden ser contraditorios: a uns o capital pódese-lles aparecer na imaxe do éxito material ostentado en público, para outros, pode representar a austera imaxe da seguridade familiar que tería a súa metástase na síndrome de Dióxenes. O sincretismo sería, entón, outra das características deste culto sen dogma, a súa habilidade á hora de se mesturar con calquera das relixións ou culturas nativas que no mundo houber. Esta visión do capital como relixión ofrece inesperadas coincidencias coa definición althusseriana de *ideoloxía*, entendida coma un sistema inconsciente onde, seguindo a tradución de Francisco Sampedro, *a relación real está inevitabilmente investida na relación imaxinaria: relación que expresa máis unha vontade, unha esperanza, unha nostalxia que unha realidade*¹. Moito máis coincidente, como vemos, con esta que coa definición clásica que ofrece Gramsci da ideoloxía comprendida como sistema de valores hexemónico e consciente imposto pola clase dominante e consecuencia dun determinado modo de produción ou infraestrutura. A ideoloxía capitalista na concepción de Benjamin e Althusser presenta, no seu contraste coa gramsciana, unha certa analogía coa diferenciación que Saussure fixera das categoría *Langue* e *Parole* —Lingua e Fala— na que a primeira supón a condición necesaria da segunda e expresa, non podemos evitar pronunciar o seu nome, a estrutura xeral, mentres que a segunda implica a súa realización individual e concreta. O culto sen dogmas de Benjamin funcionaría, así, como a lingua necesaria para a fala: a ideoloxía concreta e conscientemente proposta por Gramsci. Teríamos entón unha *ideoloxía-lingua* social

¹ Sampedro, F. *Louis Althusser*. A Coruña: Baía Edicións, 2004.

e xeral e unha *ideoloxía-fala* individual e concreta, dependente da primeira. O labor para unha crítica comunista da ideoloxía capitalista sería, xa que logo, non só atender ás sucesivas concrecións sincrónicas e sintópicas desta, senón tamén ou, sobre todo, ás razóns e síntomas da súa continuidade diacrónica e diatópica que non é produto *unicamente* dun determinado modo de producir, co que gardaría as relacións de causalidade mecánica previstas polo materialismo dialéctico. Estudaría-se tamén o xeito no que, por así dicilo, a ideoloxía condiciona mesmo o modo de produción (podería servir aquí como casuística o exemplo do *software libre* de tan doada produción e espallamento nas condicións da comunidade cibernética e, no entanto, perseguido con verdadeiro furor polos gardas da propiedade privada, ou as novas formas de censura e control sobre a descentralización e multiplicación dos centros de información facilitados pola Rede agochadas, moitas das veces, tras da máscara dun suposto *humanismo* sentinela e garante da validez dos contidos). O labor desta crítica sería, en definitiva, a deconstrución dos discursos de lexitimación da propiedade privada e a produción de discursos que defendan o público e comunitario.

En segundo lugar, para Benjamin o capitalismo é un culto permanente, *sans treve et sans merci*, o círculo do traballo/consumo non ten día santo. Desfeita hai longo tempo a dialéctica traballo/lecer e substituída pola de traballo/consumo na que o segundo factor adoita aparecer como o privilexiado (lembremos que é moito máis doado atopar traballadores, sempre a piques de seren desprazados pola tecnoloxía, antes que consumidores) o Capital céntrase na procura do consumo mediante a usura, como se verá máis adiante, na súa extensión mediante a conquista continua de novos segmentos de mercado (as crianzas, a chamada terceira idade, os singles, os gays, etc) e a fabricación de novas necesidades.

En terceiro lugar, é un culto de culpa pero sen redención posible. A forma física da culpa sería a débeda, e o pecador por excelencia, o moroso. O seu fin é estender a culpa até a categoría de praga mundial, aumentar indefinidamente o número de debedores á porta do banco, metáfora un chisco evidente de máis do templo, admitámolo, ante cuxo sacerdote un iría devolvendo, letra a letra, partes infinitesimais da gran débeda/pecado adquirida e destinada a ampliación ou renovación permanente *ad infinitum*. Porque a débeda non debe ser saldada nunca. Os exentos da obriga do endebedamento masivo serían, por unha parte, os privilexiados que dispoñen de capital abondo para entrar na categoría de fiadores e as grandes masas de excluídos, demasiado pobres para mereceren creto.

Esta expansión a escala mundial da masa de debedores supuxo, na práctica, o maior instrumento de control dos traballadores por parte do Capital que desfixo, desta maneira, a vella arenga marxista: «proletario, rebélate, o único que tes a perder son as túas cadeas», para darlle un novo significado: xa non son unicamente as condicións vitais de dependencia e opresión o que o proletario ten a perder, agora este está vinculado ao sistema por novas obrigas: as do cobro de xuros por demora, por exemplo, que operan na dobre vía do Real (xurisprudencia, rexistro de morosos, desafiuzamento) e do Imaxinario: sentimentos de responsabilidade/fracaso e poderosos sentimentos de culpa, como acabamos de detallar na versión de Benjamin. (Lembremos que a grande conquista do Capital, na súa versión ideolóxica da Ilustración, foi convencer aos seus escravos de que son libres). Esta interiorización do deber maniféstase, por exemplo, na vaga de suicidios de obreiros parados incapaces de facer fronte ao pago da hipoteca (hoxe, as novas sobre a clase obreira deben ser procuradas na sección de sucesos dos xornais, único lugar onde aparecen relatadas, aínda que nunca baixo o seu propio nome). Estes suicidios

delatan ademais un segundo factor: o da ausencia de Revolución. Destes obreiros foi extirpada calquera posibilidade de desobediencia, calquera discurso que cuestionase a lexitimidade da usura, o abusivo de todas as cláusulas do contratos de empréstito.

O superhome nietzscheano sería o fiel por excelencia deste tipo de culto, encarnado na figura do executivo agresivo, libre e feliz no contexto dunha competición sen regras onde o único fin é a medra sen fin. Este superhome non estaría, no entanto, libre da condición de pecador/debedor que afecta a todos, móvese tamén no risco permanente do cobro de xuros por demora, como non se chega a expresar no texto de Benjamin, e sería, chegado o caso, a vítima ideal da perrencha do deus ou dos seus administradores. Os suicidados no altar de France Telecom valerían, outra vez, como exemplo: non existe un Fóra da Lei no Capital, nin sequera os seus fillos predilectos e presuntas cimas da cadea trófica (nótense as metáforas habituais do Executivo Agresivo en figuras como a do Lobo Solitario ou, mellor aínda por conter un elemento racial, a do Grande Tiburón Branco) están exentos de caída na culpa expresada, no seu caso, nas obrigas do éxito.

Tal vez, a mellor actualización destas teses de Benjamin é a análise zizekiana das formas de adoutrinamento impostas, con canto sedutor, nas novas sociedades de control —en oposición ás antigas sociedades de vixilancia panóptica e castigo estudadas por Foucault— que el sintetiza na fórmula: o pracer é o deber, fórmula esculcada após dunha verdadeira semioloxía dos discursos da realización persoal, da autenticidade ou mesmo do budismo zen, todos eles verdadeiras apoloxías do goce no proceso sen consideración dos fins, nos que abondas veces radica a escravitude do outro.

Bibliografía:

- Benjamin, Walter. *Obras Completas*. Madrid: Abada Editores, 2005.
- Marx, Karl; Engels, Friedrich. *O manifesto comunista*. Vigo: Xerais, 1998.
- Sampedro, Francisco. *Louis Althusser*. A Coruña: Baía Edicións, 2004.
- Saussure, Ferdinand. *Curso de lingüística xeral*. Compostela: Laiovento, 2004.
- Žižek, Slavoj. *Visión de Paralaje*. Buenos Aires: Fondo de Cultura Económica, 2006.